

A teoría do coñecemento aristotélica: sensibilidade e entendemento.

O filósofo presocrático Parménides de Elea desvalorizou a sensibilidade porque, segundo el, os sentidos proporcionan unha información errónea (*dóxa*, opinión) e tan só a razón pode captar o ser, a realidade.

Platón levou esta tendencia até o seu extremo: o coñecemento verdadeiro versa exclusivamente sobre un mundo distinto deste mundo: o mundo intelixible. As ideas, que forman parte do mundo intelixible, non poden ser coñecidas a partir das cousas sensibles, senón tan só por medio do recordo (*anámnesis*), mediante a dialéctica, ou ben, por contemplación directa no mundo intelixible grazas á intelixencia pura (*nous*). Os sentidos tan só serven para desenvolvernos no mundo sensible das aparencias e, como moito, poden ser útiles para, mediante a percepción das cousas do mundo físico, provocar o recordo das ideas.

Por contraposición a este plantexamento, Aristóteles adoptará unha visión netamente **empirista** no tocante ao coñecemento humano (naméntas que a posición filosófica de Parménides e Platón, califícamola de **racionalista**).

❖ As facultades de coñecemento: sensación e entendemento:

O coñecemento humano, segundo Aristóteles, é un proceso dinámico e no que intervéñ activamente o propio suxeito cognoscente. Este proceso de coñecemento da realidade comenza pola facultade da sensación. A *sensación* ou *sensibilidade* (*aísthesis*) é a facultade de coñecemento que mediante os sentidos nos permite percibir o singular, o particular: os individuos concretos, isto é, as distintas substancias (*ousía*). Así, por exemplo, o ollo percibe a Sócrates.

A segunda facultade de coñecemento que intervéñ á hora de captar a realidade que nos circunda é o entendemento. O *entendemento* (*nous*) é a facultade de coñecemento que pensa o universal, o común e esencial. Deste xeito, mentras que o ollo ve a Sócrates, o entendemento pensa no ser humano.

Polo tanto, todo coñecemento empeza pola experiencia (*empeiría*), aqueles datos ou informacións aportados polos órganos dos nosos sentidos (nada hai no coñecemento que non estivese antes nos sentidos, dirá Aristóteles e repetirán ao longo da Historia da Filosofía todos os filósofos empiristas). Empezamos a coñecer polos sentidos o singular e material, isto é, percibimos as substancias concretas cos seus *accidentes* (os aspectos particulares e cambiantes). Despois, a partir dos datos aportados pola sensación, o entendemento, mediante un *proceso de abstracción*, prescindindo dos accidentes, abstrae, capta o esencial (o común e permanente), isto é, a *esencia*.

En cada substancia hai, polo tanto, por un lado, o individual, que é particular, os accidentes, e o común, o universal, a esencia. Os sentidos perciben o particular e o entendemento abstrae o esencial, pero para poder levar a cabo este proceso de abstracción necesita que os sentidos aporten as súas informacións. Polo tanto, o coñecemento humano ten a súa orixe na experiencia, nos datos aportados polos sentidos, pero alcanza o seu nivel de abstracción e xeralización intelectual grazas ao entendemento. Se as funcións cognitivas que van asociadas á sensibilidade son compartidas cos animais (que tamén posúen a capacidade da percepción por medio dos órganos dos sentidos), as funcións intelectuais asociadas ao entendemento son exclusivas do ser humano.